

A CASA MÁIS GRANDE DO MUNDO

Texto e ilustracións de LEO LIONNI

Tradución de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ

Encadernado en cartón. 22 x 27,5 cm. 36 páx. 15 €.

[A casa máis grande do mundo](#) (galego)

ISBN 978-84-8464-699-0. Tras os montes.

[La casa más grande del mundo](#) (castelán)

ISBN 978-84-96388-92-5. Clásicos contemporáneos

[La casa més gran del món](#) (catalán)

ISBN 978-84-8464-829-1. Clàssics contemporanis.

[Munduko etxerik handiena](#) (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-567-0. Gaur egungo klasikoak.

[A maior casa do mundo](#) (portugués)

ISBN 978-989-8205-07-0. Clásicos contemporâneos.

Unha familia de caracois vivía nunha xugosa col.

Coa casa ás costas, percorríana lentamente na procura dalgunha herba tenra para roer. Un día, un pequeno caracol díxolle ao seu pai: "Cando sexa grande, quero ter a casa máis grande do mundo."

"Iso é unha parvada," respondeu o pai, que resultou ser o caracol máis prudente de todos. "As cousas grandes non sempre son as mellores." E contoulle esta historia...


Na súa nenez, Leo Lionni foi un grande admirador dos animais, sobre todo réptiles, que acollía nun terrario con paredes de vidro, acondicionado con area, pedras, fentos e carriza. Desta afección xurdirían, andando o tempo, relatos como o do caracol que arelaba ter unha casa máis chamativa que a de ningún outro dos seus conxéneres; unha metáfora máis sobre a vida, a prudencia, o sentido práctico das cousas, a humildade e a sinxeleza fronte á arrogancia e á superficialidade.

Cunha linguaxe de moita riqueza literaria e cunhas ilustracións que destacan pola súa plasticidade e colorido, Leo Lionni presenta esta fábula que segue a senda doutros libros seus, como "Frederick", "Pequeno Azul e Pequeno Amarelo", "Nadarín", "Álex e o rato de corda" e "O soño de Matías"; historias sinxelas que supoñen, en palabras do propio autor, "unha comprensión intuitiva da esencia das cousas e dos acontecementos".



A casa máis grande do mundo

Leo Lionni



■ **Temática:** fábula sobre o valor da sinxeleza.

■ **Idade recomendada:** dende 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** clásico da Literatura Infantil; animais, relación pais-fillos, aprendizaxe, experiencia vital; do autor de "[Frederick](#)", "[Nadarín](#)", "[Paso a paso](#)", "[Pequeno Azul e Pequeno Amarelo](#)", "[O soño de Matías](#)", "[Álex e o rato de corda](#)" e da serie para pre-lectores "[Cores](#)" e "[Números](#)" (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-casa-mais-grande-g>

Leo Lionni

(Amsterdam, Holanda, 1910-Toscana, Italia, 1999)

Leo Lionni creceu nun ambiente artístico -a súa nai foi cantante de ópera, e o seu tío Piet, un grande afeccionado á pintura- e dende moi novo soubo que ese sería o seu destino. En cambio, a súa formación non foi artística, xa que se doutorou Economía. En 1931 instalouse en Milán e entrou en contacto co deseño gráfico. Cando se trasladou a América en 1939, traballou nunha axencia de publicidade de Filadelfia, na Corporación Olivetti e na revista Fortune. Tamén medrou a súa fama como artista e os seus cadros exhibíanse nas mellores galerías, dende Estados Unidos a Xapón. Como el mesmo dixo: "Dalgún xeito, nalgún lugar, a arte expresa sempre os sentimentos da infancia". O seu primeiro libro para nenos non chegou ata 1959 e xurdiu case por casualidade: durante unha viaxe en tren ocorrúeselle entreter os seus netos cun conto feito a base de anacos de papel de seda. Así naceu "Pequeno Azul e Pequeno Amarelo", ao que seguiron máis de 40 obras aclamadas en todo o mundo pola crítica especializada. Polos seus méritos como escultor, deseñador, pintor e ilustrador, recibiu en 1984 a Medalla de Ouro do Instituto Americano de Artes Gráficas.

www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com